

Dará a coñecer as obras "Ícaro", "O libro dos cans" e "Os veos da paisaxe"

Retagarda Edicións presenta mañá os seus primeiros libros en soporte dixital

Redacción • Ferrol

A nova editorial galega Retagarda Edicións presenta mañá na Galería Sargadelos de Ferrol os seus tres primeiros títulos, nun acto que se celebrará ás oito da tarde e no que intervirán os autores Estevo Creus, Rafa Villar e Eduardo Estévez. "Ícaro", "O libro dos cans" e "Os veos da paisaxe" forman parte dun proxecto que a editorial define como "alternativo na procura de achegar as novas tecnoloxías e unha das máis vellas manifestacións do ser humano: a poesía. Un proxecto que sirva de ponte entre dous séculos, o xa rematado XX e o tateante XXI", aseguran.

Os libros que mañá se presentan en Sargadelos constitúen, segundo Retagarda Edicións, "unha Mostra do que queremos que sexa de aquí en adiante". No caso de "Ícaro", escrito por Rafa Villar, é a segunda edición dun libro que vira a luz en "Edicións Tema" de Lisboa e que agora terá distribución en Galicia. A obra sèrvese do coñecido mito clásico para presentar un conxunto de poemas ligados entre si, que sitúan o individuo como centro da existencia.

O seu autor, cofundador do Batallón Literario Costa da Morte e do consello editorial da colección de poesía "Letras de Cal", foi merecedor dos premios Curuxa de Humor Literario polo relato "A busca"; do Certame de Contos Ultralixeiros de Chantada, polo relato "Irlanda Irlanda" e do Bouza Brey de poesía para autores noveis, pola obra "Liques da memoria". Así mesmo, acadou o premio Cómaros verdes de poesía por "Casa ou sombra" e o Concello de Carral polo libro "Días de Sherezade".

Por outra banda, "O libro dos cans" é "un artefacto literario e plástico" cun soporte que admite a edición dun texto con imaxes. Escrito por Estevo Creus, desenvolve unha historia de tintes "case surrealista que ten como fondo unha casa, da que mesmo se ofrecen, como deseños, os seus planos". O poeta ten participado en diversos proxectos culturais como o grupo de teatro Talía, o Batallón Literario da Costa da Morte e o colectivo poético Un Medio entre outros. Publicou os poemarios "Areados" e "Poemas da cidade oculta".



A través de Internet poderanse ler as obras publicadas pola editorial galega